



**PROCEDEMENTO PARA A SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE XERENTE DO CONSORCIO
PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E
SALVAMENTO**

**RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS Á VALORACIÓN DE MÉRITOS E
PROXECTO DIRECTIVO (1ª FASE DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN)**

O Tribunal encargado de xulgar o mencionado proceso de selección, á vista das reclamacións presentadas na 1º fase do procedemento de selección, (Valoración de méritos e proxecto directivo), e unha vez examinadas as alegacións formuladas polos candidatos, acordou o seguinte:

1) Estimar a reclamación presentada por Dna. Marta María Rouco Seoane no que respecta á valoración do apartado “*Experiencia*”, e en consecuencia proceder a revisar a puntuación que lle foi outorgada na 1ª fase do proceso de selección á vista da documentación achegada xunto co seu escrito de reclamacións. Realizada a revisión, a puntuación definitiva que corresponde a Dna. Marta María Rouco Seoane na 1ª fase do procedemento é a seguinte:

APELIDOS E NOME	FORMACIÓN (Máx. 20 puntos)		EXPERIENCIA (Máx. 20 puntos)	PROXECTO DIRECTIVO (Máx. 10 puntos)	TOTAL 1ª FASE
	Cursos, másters e posgraos (Máx. 18 puntos)	Idioma Galego (Máx. 2 puntos)			
ROUCO SEOANE, MARTA MARÍA	18 puntos	-	16 puntos	5 puntos	39 puntos

2) En relación á reclamación presentada por D. Juan Jesús Núñez Álvarez:

- Desestimar a reclamación do mencionado candidato no que respecta á valoración do apartado “*Formación*”, subapartado “*Idioma Galego*”, xa que durante a 1ª fase do procedemento de selección (**Valoración de méritos e proxecto directivo**), NON foi obxecto de valoración por parte do Tribunal Cualificador, á documentación aportada polos aspirantes na que acreditan posuír o CELGA 4, por ser esta cuestión obxecto de valoración na 4ª fase do procedemento de selección (**Proba de galego**), tal e como establecen as bases reitoras do procedemento de selección no seu apartado 7.
- Estimar a reclamación do amentado candidato no que respecta á valoración do apartado “*Experiencia*”, e en consecuencia proceder a revisar a puntuación que lle foi outorgada na 1ª fase do proceso de selección á vista da documentación achegada xunto co seu escrito de reclamacións.

Realizada dita revisión, a puntuación definitiva que corresponde a D. Juan Jesús Núñez Álvarez na 1ª fase do procedemento é a seguinte:

APELIDOS E NOME	FORMACIÓN (Máx. 20 puntos)		EXPERIENCIA (Máx. 20 puntos)	PROXECTO DIRECTIVO (Máx. 10 puntos)	TOTAL 1ª FASE
	Cursos, másters e posgraos (Máx. 18 puntos)	Idioma Galego (Máx. 2 puntos)			
NÚÑEZ ÁLVAREZ, JUAN JESÚS	18 puntos	-	18 puntos	1 puntos	37 puntos

3) En relación á reclamación presentada por D. Horacio Vilor Romero

- Desestimar a reclamación do mencionado candidato no que respecta á valoración do apartado “*Formación*”, subapartado “*Idioma Galego*”, xa que durante a 1ª fase do procedemento de selección (**Valoración de méritos e proxecto directivo**), NON foi obxecto de valoración por parte do Tribunal Cualificador, á documentación aportada polos aspirantes na que acreditan posuír o CELGA 4, por ser esta cuestión obxecto de valoración na 4ª fase do procedemento de selección (**Proba de galego**), tal e como establecen as bases reitoras do procedemento de selección no seu apartado 7.
- Desestimar a reclamación do amentado candidato no que respecta á valoración do apartado “*Proxecto Directivo*”, dado que na súa reunión de data 6 de xuño do 2017, o Tribunal cualificador, aplicando os criterios para a valoración dos proxectos directivos sinalados no punto 7 e 3.3. d) das bases reitoras do proceso de selección, acordou valorar con 0 puntos o proxecto directivo presentado por este candidato por: incluír unha cita das disposicións legais en materia de emerxencias, ao que se engaden contidos do PLATERGA, xunto co ámbito de actuación preferente dos parques de bombeiros do consorcio e as función estatutarias da Xerencia, información que non permite ser obxecto de cualificación dada a súa falta de indicación e desenvolvemento

4) Desestimar á reclamación presentada por D. Carlos Álvarez Álvarez no que respecta á valoración do curso de “*Perito Xudicial na reconstrución de accidentes de tráfico*”, de 250 horas de duración”, xa que se ben a temática do curso está relacionada coa actividade do persoal dos parques de bombeiros, NON se relaciona directamente coas funcións propias do Xerente do Consorcio, as cales aparecen sinaladas no punto número 1 das bases reguladoras do presente procedemento de selección, sendo precisamente este criterio (relación directa coas funcións propias do Xerente do Consorcio), o empregado polo Tribunal para realizar ás valoracións dos cursos presentados polos candidatos dentro do apartado “*Cursos ou posgraos de 150 horas ou máis*”, en materias directamente relacionadas coas función do posto de traballo”

Resoltas as reclamacións presentadas, e realizadas as revisións oportunas, os resultados definitivos da 1ª fase do procedemento (Valoración de méritos e proxecto directivo), son os seguintes:



APELIDOS E NOME	FORMACIÓN (Máx. 20 puntos)		EXPERIENCIA (Máx. 20 puntos)	PROXECTO DIRECTIVO (Máx. 10 puntos)	TOTAL 1ª FASE
	Cursos, másters e posgraos (Máx. 18 puntos)	Idioma Galego (Máx. 2 puntos)			
ÁLVAREZ ÁLVAREZ, CARLOS	14 puntos	1,5 puntos	20 puntos	5 puntos	40,5 puntos
DIAZ GARCÍA, JOSE CARLOS	18 puntos	1,5 puntos	2 puntos	0 puntos	21,5 puntos
FERNÁNDEZ DÍAZ, IGNACIO	18 puntos	-	20 puntos	1 punto	39 puntos
FERNÁNDEZ LOPEZ, BERNARDO	1,4 puntos	-	0 puntos	0 puntos	1,4 puntos
LOPEZ FUSTES, ANTONIO	18 puntos	-	18 puntos	1 punto	37 puntos
NÚÑEZ ÁLVAREZ, JUAN JESÚS	18 puntos	-	18 puntos	1 puntos	37 puntos
PENELA TEIRA, IGNACIO JOSÉ	5,8 puntos	1,5 puntos	20 puntos	5 puntos	32,3 puntos
ROUCO SEOANE, MARTA MARÍA	18 puntos	-	16 puntos	5 puntos	39 puntos
SÁENZ LÓPEZ, CARLOS	5,84 puntos	-	20 puntos	6 puntos	31,84 puntos
VÁZQUEZ CABADO, LOURDES	5,9 puntos	-	-	0 puntos	5,9 puntos
VILOR RIVERO, HORACIO	18 puntos	-	18 puntos	0 puntos	36 puntos

De conformidade co previsto no punto número 7 das bases reguladoras do presente proceso onde se sinala que “Para acceder á 2ª fase do procedemento selectivo, o/a candidato/a deberá obter cando menos unha puntuación total de 25 puntos na primeira fase. Calquera candidato/a cunha puntuación inferior á sinalada, será declarado NON APTO e excluído/a do procedemento de selección.”, son declarados non aptos e polo tanto excluídos/as do procedemento de selección os seguintes candidatos:

APELIDOS E NOME	TOTAL 1ª FASE	VALORACIÓN
DIAZ GARCÍA, JOSE CARLOS	21,5 puntos	NON APTO
FERNÁNDEZ LOPEZ, BERNARDO	1,4 puntos	NON APTO
VÁZQUEZ CABADO, LOURDES	5,9 puntos	NON APTO

Fixadas as cualificacións definitivas da 1ª fase do proceso, o Tribunal adopta os seguintes acordos:

- 1) Deixar pendente de novo sinalamento a data para a realización da proba teórica (2ª fase do procedemento), e publicar o contido deste acordo na páxina web do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento e da Deputación Provincial de Lugo.

- 2) Publicar a resolución das reclamacións presentadas xunto coa relación das puntuacións definitivas obtidas polos/as aspirantes na páxina web do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento e da Deputación Provincial de Lugo.

Lugo a 21 de xullo do 2017

O SECRETARIO DO TRIBUNAL

Asdo. Jose Antonio Arias Lombardero